



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA



**INSTITUTO  
GALEGO DE  
CONSUMO**

**galicia**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E  
A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO EIDO DO DEREITO DE  
CONSUMO E A ARBITRAXE DE CONSUMO.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A PRESIDENTA

Do INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

**DECLARA:**

**Que** este/a INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO ten previsto formalizar coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo con retroacción dos seus efectos dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

**Que** o instrumento convencional ten por obxecto:

“O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre o Instituto Galego de Consumo e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de potenciar a implicación de ambas entidades para facilitar o estudo e investigación no eido do Dereito de Consumo, a participación do persoal ó servizo da universidade no arbitraje de consumo e establecer foros de debate e proposta conxuntos. A participación no sistema arbitral de consumo permitirá ao persoal ao servizo da universidade, con plena garantía dos dereitos dos consumidores, o estudo, análise de laudos arbitrais, así como do funcionamento, en xeral, do sistema arbitral e as formas de protección dos dereitos dos consumidores polo IGC.”.





**Que** existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

**Que** o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 51 da Constitución Española reconece expresamente que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.

O artigo 30.1, parágrafo 4, do Estatuto de Autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 y 149. 1. 11 y 13 da Constitución.

Para o desenvolvemento da dita competencia, na Lei 8/1994, do 30 de decembro, créase o Instituto Galego de Consumo como organismo autónomo de carácter administrativo que, de acordo co previsto no Decreto 329/1995, do 21 de decembro, é o organismo ó que lle corresponde a realización, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da política de defensa do consumidor e usuario nos ámbitos de inspección, vixilancia do mercado, mediación e arbitraje.

Segundo.- Que o Instituto Galego de Consumo e a Universidade de Santiago de Compostela son conscientes da importancia e necesidade da implicación do mundo universitario, expoñente do mundo do coñecemento, coa aplicación práctica do dereito de consumo dentro das súas diferentes vertentes, especialmente polas autoridades e administracións de consumo, así como a de establecer foros de debate e propostas para o cumprimento da defensa dos consumidores e usuarios prevista na Constitución española de 1978, e facilitar a investigación en materia do dereito de consumo.





Por elo, considérase que estes fins poden instrumentarse a través de diferentes formas de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto Galego de Consumo.

**Que** os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

